

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 20 DE NOVEMBRO DE 2020 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2019 DA UNIVERSIDADE DE VIGO

No Consello de Goberno que tivo lugar o 20 de marzo de 2019, aprobouse o Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade que establece como obxectivo a creación e publicación de dúas listaxes de profesorado acreditado que determinarán as áreas de coñecemento nas que procederá a convocatoria das prazas que correspondan segundo a oferta de emprego público.

Unha vez publicadas estas listaxes definitivas de acreditados polas que se determina a orde de convocatoria de prazas e segundo a oferta de emprego público do ano 2019 da Universidade de Vigo (DOG 17/12/2019), procede a convocatoria de 20 prazas de profesorado Titular de Universidade, polo que o Consello de Goberno, na sesión de 20 de novembro de 2020, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobación a convocatoria e a creación de **20 prazas de Profesorado Titular de Universidade nas áreas de coñecemento relacionadas no anexo I.**

Do total destas prazas reservarase unha praza (1) para quen es teñan a condición legal de persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 20 de novembro de 2020

O Reitor

Por delegación (RR 26/05/2020)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer

ANEXO I.

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade (RR 01/10/2020), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019)

1. Quenda Xeral.

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS	CENTRO
1	COMERCIALIZACIÓN E INVESTIGACIÓN OPERATIVA (95)	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MÁRKETING (X09)	OURENSE	106
1	DEBUXO (185)	DEBUXO (H09)	PONTEVEDRA	201
1	DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL (140)	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL (X13)	VIGO	308
1	ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	VIGO	311
4	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (560)	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (T13)	VIGO	305
1	FÍSICA DA TERRA (398)	FÍSICA APLICADA (T08)	OURENSE	101
2	FISIOLOXÍA (410)	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE (C01)	VIGO	302
1	HISTORIA DA ARTE (465)	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA (H05)	PONTEVEDRA	201
2	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS (570)	INFORMÁTICA (T15)	OURENSE	106
1	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS (650)	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MÁRKETING (X09)	VIGO	303
1	PINTURA (690)	PINTURA (H08)	PONTEVEDRA	201
1	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA (785)	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA (T11)	VIGO	312
2	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (800)	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (T14)	VIGO	305

2. Cupo discapacidade.

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS	CENTRO
1	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS (570)	INFORMÁTICA (T15)	OURENSE	106